



A Pobra do Caramiñal

16 XAN. 2017

Entrada nº: 208

Saída nº:

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN en relación os reiterados problemas ocasionados polo ruído e a inseguridade que persiste no entorno da Rúa Manuel Hermo Vidal e na praza Irmáns Axeitos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado pleno celebrado no mes de Outubro presentamos unha moción para que se adoptaran as medidas precisas para conciliar o ocio co derecho ao descanso, instando a compra de un sonómetro homologado e a realizar os pertinentes controis para tratar de solucionar os problemas de convivencia y seguridad creados. Dita moción foi aprobada pero no nos consta a realización de ningún acción encamiñada a solución de ditos problemas.

Mais sorprendente e o feito de que ante os reiterados escritos presentados polos veciños e pola Defensora do Pobo, facéndose eco de estes feitos o proceder do noso Alcalde sigue sendo o de non facer nada e ademais recriminar publicamente a reiteración de escritos de denuncia por parte dos veciños sen que lles conteste como el mesmo recoñece publicamente.


A Pobra do Caramiñal

Entendendo que unha das obrigas dun alcalde é solucionar os problemas que plantean os veciños, e como mínimo contestar os seus escritos como tamén se comprometeu a realizar despois da moción presentada por este grupo no pasado pleno do mes de Setembro.

Por elo o grupo municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

Reprobar a actuación do Alcalde por non ter feito o suficiente para a solución dos problemas de ruído e seguridade no entorno da Rúa Manuel Hermo Vidal e da praza Irmáns Axeitos, por non ter a diliexencia debida na contestación dos requerimentos por parte da Defensora do Pobo e sobre todo por recriminar os veciños por presentar escritos denunciando situacíons que entenden que non teñen que soportar sen contestar os mesmos.

Pobra a 13 Xaneiro de 2017.



Manuel M. Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL